



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL SOBRADO

Aprobación inicial do Orzamento de 2026

ANUNCIO

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, de data 3 de xuño do 2026, o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e a plantilla de persoal para o exercicio económico 2026, con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Así mesmo, o Pleno aprobou a masa salarial do persoal laboral ao servizo do Concello de Sobrado, que ascende a un importe de 393.130,16 €. O que se fai público en cumprimento do disposto no art. 103 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

En Sobrado, a 3 de xuño do 2026

O alcalde,

Luis Lisardo Santos Ares

2026/3770